



DICIONARIO

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Atlántida

Segundo me contaron, a unhas dez millas náuticas de Malpica (A Coruña) hai uns farallóns que sobresaen do mar. Cando hai mareas moi baixas, ao pasaren preto delas din que se ven con claridade muros e escaleiras que son os restos das construcións dunha illa que existiu no medio do océano.

Un día esa illa afundiuse e todos os homes e mulleres santos que alí vivían fuxiron para Galicia en barcas de pedra que se instalaron todo ao longo da nosa costa; e nomeáronme varios dos santuarios mariños, dende Muxía, pasando por Santo Hadrián de Malpica, ata Santo André de Teixido, que viñeran en barcas de pedra para Galicia fuxindo desa illa que se afundía no medio do océano e da que aínda se conservan restos.

[Lenda remitida por Xosé Couñago, de Vigo (Pontevedra)]

BIBLIOGRAFÍA

NOTA:

Na parte superior do porto de Malpica é habitual atopar os vellos mariñeiros retirados observando as faenas portuarias falando de todas as súas historias mariñas. Persoas iletradas na maioría dos casos, pero grandes coñecedores das historias do mar.

Eu chámolle a Atlántida polas referencias culturais que a maioría de nós ten deste lugar a partir dos textos clásicos, mais os vellos mariñeiros malpicáns, xa retirados, que ma contaron, contemplando o trasfego dos barcos no seu porto dende a altura das tabernas da vila, estou seguro que na súa transmisión xeracional descoñecían este mito clásico.

COMENTARIOS ENVIADOS

Ola:

Gústame moito esta lenda, é moi orixinal. Nunca escoitara una lenda coma esta. O meu avó contábame moitas

lendas cando era pequena pero a verdade nunca a escoitara. a verdade non coñezo moitas lendas pe a verdade que esta lenda fastinoume moitísimo.

Enviado por Xosé Couñado o 26/05/2015 ás 14:24:50

Gustoume moito a lenda. Tiña que facer un traballo sobre unha lenda galega e decidinme por esta. Creo que elexín moi ben. Éncantame que a nosa cultura teña esta clase de historias e de que vos encarguedes de que non se perdan.

Enviado por Marta, A Coruña o 17/04/2018 ás 14:54:47